



## Os obradoiros de tecnoloxía crea R para nenos e nenas pechan en Nigrán o seu percorrido de outono

- *Tras recalar en Cambre, Pontevedra, O Milladoiro (A Coruña) e Lugo, os obradoiros crea R chegan ao concello pontevedrés de Nigrán para lles achegar de novo as novas tecnoloxías a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos.*
- *Os obradoiros tecnolóxicos desenvolveranse o sábado 12 de novembro no Centro da terceira idade de Nigrán e volverán incidir no fomento das habilidades sociais e emocionais e da creatividade dos/as pequenos/as.*
- *O periplo outonal dos obradoiros tecnolóxicos crea R, que se pecha coas sesións de Nigrán, reafirma outra vez a aposta do operador galego pola formación tecnolóxica dos/as pequenos/as: preto de 3.500 mozos e mozas gozaron desta actividade ata a data.*

**Mércores, 9 de novembro de 2022.-** Os obradoiros crea R poñen esta fin de semana en Nigrán un punto e á parte no camiño e pechan o seu percorrido de outono na localidade pontevedresa. Alí recalará nesta ocasión o plan didáctico de R pensado para os/as pequenos/as da casa, coas novas tecnoloxías e a innovación como eixes centrais.

A idea básica é incidir na aprendizaxe e o emprendemento fomentando, de forma lúdica, as habilidades emocionais e sociais e a creatividade en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Este sábado 12, entre as 11:00 e as 13:00 h, os/os pequenos/as poderán achegarse, no Centro da terceira idade de Nigrán, á beira do Concello (Praza da Constitución, 2; Vilameán-Nigrán) a conceptos fundamentais de condutividade e electrónica; e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

### **Tres obradoiros temáticos: tinta condutiva, curtocircuitos e rega intelixente**

Nos obradoiros crea R de Nigrán haberá tres propostas para os/as máis novos/as, en función da súa idade:

“Contos que cobran vida”. Para nenas e nenos de 7 e 8 anos.

Creando tinta condutiva, aprenderán a **integrar conceptos de electrónica** con pilas e elementos condutores. Cando saiban como funcionan, artellarán un conto para, finalmente, engadir luces *led* á súa historia.

“Sala de operacións”. Para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Dunha maneira educativa e divertida, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os/as pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, e tamén o **funcionamento dun cortocircuíto**. Todo iso, a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

“Sistema de rega intelixente”. Para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais, crearán, dunha maneira visual e amigable, un sistema que lles sirva para entender os datos obtidos.

A través dunha experiencia divertida, os/as pequenos/as conseguen ter máis seguridade en si mesmos/as e dar saída ao seu talento. Aí están, ademais, os **valores do emprendemento** e o núcleo dos chamados “conceptos STEAM”: Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas. Á vez, deixan de ser meros/as consumidores/as pasivos/as de tecnoloxía e botan man dela creando e aprendendo. Para conseguir estes obxectivos, **crea R** conta coa bagaxe do método educativo de *Líbolis*, a escola pioneira do emprendemento infantil na nosa comunidade.

Para apuntarse e coñecer máis detalles dos obradoiros crea **R**, esta é a ligazón: <https://blog.mundo-r.com/gl/quecheparece/talleres-crea-r>

## **Preto de 3.500 mozas e mozos e outras localidades**

Con esta acción, que **R** leva anos desenvolvendo, o operador galego mantén a súa aposta permanente pola formación tecnolóxica dos/das pequenos/as. De feito, preto de 3.500 mozos e mozas gozaron dos obradoiros tecnolóxicos crea **R** dende o inicio da súa traxectoria.

No municipio pontevedrés de Nigrán péchase este sábado unha quenda máis da actividade lúdico-didáctica do operador galego. Mais estes singulares “obradoiros de tecnoloxía para pequenos grandes xenios” manteñen intacta a súa vocación de continuidade e tentarán seguir despertando o talento das novas xeracións.

**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)